



CANCIÓN: ANTÓN E A SÚA VOZ

(Pitusa Semifusa)

Antón non podía
estar contento,
porque non tiña,
non tiña instrumento.

A Pitusa Semifusa
un día atopou,
e díxolle a Antón
que prestase atención.

“Non esteas triste, Antón,
que ti tes a túa VOZ,
e con ela cantarás
unha linda canción.
Todos nós, todas nós,
Todos nós temos voz
levamos o instrumento enriba
do peito”.

Antón, meu antoniño,
Emprega a túa voz
E canta unha canción
Que me alede o corazón.

Antón ,querido Antón,
nós contigo imos cantar,
que para iso temos voz
e que ben o imos pasar!.

A VOZ

A VOZ é o noso principal instrumento. con ela comunicámonos e gozamos cantando. Cada voz é única e distinta dos demais.

O TIMBRE é a calidade de son que permite diferenciarnos unhas voces doutras, e recoñecer que instrumento soa.

A voz prodúcese como consecuencia da vibración das **CORDAS VOGAIS**.

Hay tres tipos de voces:

INFANTIS, FEMININAS E MASCULINAS.

IDENTIFICAMOS:



VOZ INFANTIL
OU
VOCES BRANCAS



VOZ
FEMININA



VOZ
MASCULINA

AGUDO



GRAVE